



O Congreso máis emprendedor



A Iniciativa Xove amosa a súa cara máis solidaria



Premio sostible para o albergue das Corcerizas



O chess boxing, un deporte híbrido á alza



Aprendemos para emprender

- O Congreso Internacional da Xuventude realza o papel da formación para empregarse
- Celebrouse en Ribeira cun elevado éxito, ao participaren máis de 500 persoas



Cómpre desenvolver novos mecanismos formativos e intensificar os que xa existen para orientar o modelo educativo ao emprendemento. Esta é unha das principais conclusións do Congreso Internacional da Xuventude, que se acaba de celebrar en Ribeira e que superou todas as expectativas, ao sumar máis de 500 participantes.

O evento, organizado pola dirección xeral de Xuventude, atraeu integrantes de entidades xuvenís, emprendedores, técnicos e concelleiros de xuventude, animadores socioculturais, profesores e xóvenes interesados na materia.

O lema do congreso foi precisamente 'Da educación non formal ao emprego e ao emprendemento'. Ademais das ponencias e mesas redondas, serviu para expoñer experiencias de participación xuvenil, acolleu obradoiros prácticos e encheu Ribeira dunha ampla programación paralela.



Intervención do director xeral de Xuventude no Congreso en Ribeira

O eixo deste evento internacional non é outro que unha das principais liñas de traballo da dirección xeral de Xuventude. Incidiuse na relevancia que ten a educación non formal para adquirir competencias, aptitudes e destrezas útiles para atopar emprego. En definitiva, para prepararse ante a vida.

Dos preto de corenta poñentes, a metade foron mozos e mozas que, en nome de entidades xuvenís, deron

conta de numerosas experiencias neste sentido. Exemplificaron o que os diversos expertos expuxeron mediante a teoría, nun evento no que tamén se difundiron casos prácticos de emprendedores. Entre os espectadores, medio cento de xóvenes de Turquía, Polonia, Italia, Romanía, Chipre, Austria, Reino Unido, Noruega, e a República Checa, que visitaron Galicia dentro do programa Xuventude en Acción.

“

Ovidio Rodeiro, director xeral de Xuventude e Voluntariado:

“Cando un mozo ou unha moza participa nun proxecto asociativo, nunha iniciativa xuvenil ou nun programa de voluntariado, está adquirindo unhas aptitudes interpersoais altamente valoradas e aprendidas polas empresas”

”



A aprendizaxe-servizo, un bo modelo

Unha das **charlas** que máis interese despertou no Congreso foi a dedicada ao modelo educativo coñecido como aprendizaxe-servizo, que xongue o currículo académico con experiencias de servizo comunitario. Deste xeito, integra a adquisición de coñecemento con valores como civismo e a solidariedade, sempre en beneficio da sociedade e co resultado de persoas máis implicadas socialmente e máis capacitadas para acometer proxectos de emprendemento. A pedagoga **Roser Battle**, especialista en aprendizaxe-servizo do centro promotor de Cataluña, o profesor **Manuel Souto**, da Universidade de Bath, e o catedrático **Miguel Ángel Santos**, da Universidade de Santiago, interviron para detallar as características e as virtudes deste modelo, con aplicacións en múltiples eidos.

Un programa co ocio máis creativo

O Congreso Internacional da Xuventude ofreceu un programa de animación paralelo co que demostrou que coas propias actividades de lecer pódese sacar a relucir o poder da iniciativa xuvenil e a súa capacidade para crear e innovar. Polas rúas e locais de Ribeira non faltaron actuacións musicais, teatro ou exhibicións de cultura urbana, coa mocidade como protagonista. E destacaron especialmente a actuación dos finalistas do certame **Xuventude Crea 2013** na categoría de música (**Erick Feles**, **Miguel Alonso e banda**, **Alén de Ancos**, **Pi Graos**, **Fracasados de Antemano**, e Dani Font) e o traballo en directo dos nove finalistas da modalidade de graffiti: David Canosa, Roberto Sila, Alexis Parada, Tania Solla, Daniel Garrido, Marcos Fernández, Iria Fafián, Adrián Mourenza e Tirzo Paz.



Da educación non formal ao
emprego e ao emprendemento

Escapate co mellor de nós

Mentres que a parte central do Congreso se desenvolveu no auditorio municipal de Ribeira, no edificio da Casa do Mar o protagonismo recaeu nas experiencias de participación xuvenil que se foron expoñendo de maneira continuada durante os dous días que se prolongou o evento. Preto de trinta asociacións estables, institucións e agrupacións informais xuvenís de toda Galicia amosaron os seus proxectos e iniciativas, compoñendo un magnífico escapate do que a mocidade galega pode poñer en marcha. Como complemento, na propia Casa do Mar ofertáronse unha serie de obradoiros máis prácticos, como un Brain-Spa que amosou en vinte ilustracións sete exemplos de boas prácticas en materia xuvenil, ademais de debates entre os participantes, obradoiros de comunicación, coaching e redes sociais, ou relatorios de experiencias xuvenís.

Panel de emprendedores

O evento non esqueceu facer ver que emprender é algo tan necesario como viable, e por fortuna cada vez máis frecuente, entre a xuventude. Fíxoo predicando co exemplo, a través dun estimulante panel de experiencias de diversos emprendedores novos, que estiveron moderados polo xornalista Kiko Novoa. Durante hora e media e ante un público moi atento, explicaron os seus proxectos, os retos e os riscos que asumiron ao deseñalos e poñelos en marcha, e as motivacións que os levaron a activar as súas iniciativas de corte social ou empresarial. Participaron Paulo Vázquez García (**Sustinea**), Sabela Pernas Soto (**Videodinamizarte**), **Alicia López Fariña**, Rodrigo Vázquez Rodríguez (**Wiimbo Productions**), Beni Pastoriza Diéguez (**Marexada**), Jorge Gutiérrez (**Tinytien**), e Javier López Mouriño (**Intermax Technology**).



Os mellores creadores novos de 2013, premiados en Xuventude Crea



● Só quedan por decidirse as categorías de moda e artes plásticas, que se fallarán en novembro

Pouco a pouco, con contagotas para darlle máis emoción, estes días fóronse coñecendo os gañadores da maior parte das categorías do certame Xuventude Crea 2013, organizado pola dirección xeral de Xuventude para apoiar o talento artístico da mocidade e que de novo superou os 300 aspirantes con idades entre os dezaseis e os trinta anos, con 238 traballos presentados.

Nove das once especialidades xa coñecen os seus premiados, con 3.000 euros para os gañadores, 1.500 euros para os segundos clasificados e 1.000 euros para os terceiros. En música e teatro, os premiados tamén poderán levar as súas actuacións a diferentes municipios galegos. E os tres primeiros clasificados nas disciplinas de artes plásticas protagonizarán exposicións colectivas no Circuito da Creatividade.

En **videocreación**, gañou Manuela Elisabet Rodríguez, con *Maiiso, canción de axóuxere*, con David Martín (*Doméstica enerxética*) segundo e Jacobo Bugarín (*1929. Reconstruír o movemento moderno*) en terceiro posto. A mención de honra foi para Pablo Fernández.

En **poesía**, os premios foron compartidos: primeiro para Alba Cid (O



Os finalistas da modalidade de grafiti, con Ovidio Rodeiro

corpo e as bestas) e Olalla Tuñas (*Cidade libre*), segundo para Tito Pérez (*Cardiograma de silencios opacos*) e Brais Lamela (*Casa tomada*), e terceiro para Rafael Lobelle (*Deus Fratesque Gallaecia. Tríptico aberto*) e Mónica Sánchez (*Alimento poeta branco*).

O **relato breve** gañador foi o de Esther Gómez (*Area na boca*), con Elena Dopico (*Incontable*) e Nerea Pallares (*Cork e as burbullas*) se-

gundas, e Iago Fernández (*1.100 quilómetros*) terceira. E as mencións de honra recaeron en Ana María Rodríguez e Tito Pérez.

Na categoría de **carteis**, Andrea Valado (*Innova*) alzouse co primeiro premio, Sara Roca (*Obsesión*) co segundo, e Lara Esperante (*Desconecta*) co terceiro. A mención de honra foi para Iván Cebey.

Marta García Arcos, coa colección *Pasadío*, venceu en **deseño de**

xoias. Sabela Correa, con *Esferas*, foi segunda. E o terceiro premio da categoría correspondeulle a Daniel Rivas, coa colección *Paseo de praia e montaña*. A mención de honra foi para Valentín Amoedo (*Atracción*).

A Panadeira **Teatro** levou o primeiro premio da categoría con *Bang, bang, bang*. O segundo lévao Pinchacarneiro Teatro (*Proxecto 45*) e o terceiro recaeu en Tolemia Teatro (*Sóns dun sedutor*).

Na categoría de **música**, foron premiadas as bandas *Pi Graos*, *Dani Font*, e *Erick Feles e Amigos*. E na de grafiti Alexis Parada é o primeiro premio (*O principio da imaxinación*). O segundo compárteno Roberto Sila (*O máis buscado*) e Iria Fafián (*100% rural*), e o terceiro tamén se lle concedeu a dous aspirantes: David Canosa (*Hasta que la muerte nos separe*) e Tirso Paz (*Model Gum*).

Agora, quedan por fallarse as categorías de moda e de artes plásticas. Os finalistas de **moda** exporán as súas coleccións en El Corte Inglés de Vigo desde o 6 de novembro. E os de **artes plásticas** (foto, pintura e escultura) amosan as vinte obras finalistas na Igrexa da Universidade de Santiago entre o 4 e o 14 de novembro.



A cara máis solidaria da Iniciativa Xove

- Numerosas iniciativas avaladas polo programa oríéntanse a persoas con discapacidade e a enfermos

As actividades que procuran axudarlles a quen xogan cun pouco de desvantaxe na vida fanse cada ano un oco importante nas propostas que reciben o apoio do programa **Iniciativa Xove** da Xunta. O carácter solidario e a implicación xuvenil que logran fan que estean sempre entre os proxectos que maior aceptación social acadan.

Permitirlles practicar deportes a persoas con algún tipo de discapacidade, facilitarlles o acceso ás novas tecnoloxías a persoas con discapacidade auditiva ou crear unha rede de voluntariado para facerlles máis levadeiras as horas de hospital aos doentes mediante a lectura son tres dos proxectos que destacan neste eido.

O programa Iniciativa Xove ofreceulles o seu apoio, dentro da súa filosofía de recoller as propostas xuvenís para apoialas. As iniciativas poden ser financiadas ata a integridade do seu custo, cun máximo de 4.000 euros, e reciben un adianto do 80% para que ningunha deixe de levarse a cabo por carecer de capacidade de financiación.

O proxecto *Deporte e mente sen barreiras*, do **grupo informal Achega**, programou actividades deportivas, culturais e de lecer para colectivos de persoas con parálise cerebral, con síndrome de Down, con paraplexia e con discapacidade visual.

Neste último caso, acometeuse en Santiago. Unhas trinta persoas participaron nun acto de promoción do fútbol para persoas non videntes, co que colaborou a **ONCE**. Xogaron persoas con discapacidade visual e persoas cos ollos vendados.

En Vilagarcía, o proxecto desenvolveu clase de pádel adaptado en cadeiras de rodas por parellas. Asistiron doce persoas. No **Club Náutico de Combarro**, facilitaron que vinte persoas con dificultades de mobilidade tivesen ocasión de prac-

Deporte sen barreiras con Achega



Sesión de fútbol para persoas non videntes organizada por Achega

ticar vela adaptada. E na **escola hípica San Cosme**, en Mos, levaron a dez persoas con discapacidade intelectual para efectuar unha sesión de monta terapéutica, que estimula músculos e articulacións e capacidades cognitivas aproveitando os movementos do cabalo.

O director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, visitou a sesión de fútbol para non videntes que levou a cabo Achega en Santiago e felicitou a este grupo xuvenil por ser un dos que mellor valoración técnica obtivo de todos os presentados ao programa Iniciativa Xove.





Literapia: voluntariado en hospitais para curar lendo

Estudantes sen Fronteiras pretende crear unha rede de voluntariado nos hospitais para fomentar a lectura con accións literarias entre os pacientes.

Ademais desta primeira etapa de formación dos voluntarios, o proxecto contempla tamén crear un premio literario e un espectáculo de narración oral propio por parte dos voluntarios. Planificaron tamén unha serie de accións para promover e darlle visibilidade social ao voluntariado hospitalario.

A partir deste proxecto piloto, intentarán crear unha rede nos hospitais de Galicia co propósito de mellorar a calidade de vida das persoas in-

O proxecto **Literapia** conta co apoio de Iniciativa Xove e comezou por aprenderlles aos voluntarios, practicamente todos xóvenes, diversos métodos de estimulación da escritura creativa e do fomento da lectura conxunta no contorno familiar.

gresadas a través da literatura.

Foron varios profesionais do Hospital Clínico de Santiago os que propuxeron esta idea, á vista de que a literatura pode constituír unha boa ferramenta de ocio e terapia dos nenos e nenas ingresados na área de pediatría.

Sesión formativa do proxecto Literapia



Ovidio Rodeiro visitou a fin de semana tecnolóxica da FAXPG

Novas tecnoloxías para xordos

Cunha fin de semana tecnolóxica para os seus asociados máis novos, a **Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia** divulgou as posibilidades das novas tecnoloxías para mozos e mozas con discapacidade auditiva.

As xornadas analizaron as aplicacións do **DNI electrónico** na vida cotiá, a seguridade e o mantemento de equipos informáticos, a instalación e configuración de sistemas operativos ou a creación

de páxinas web.

Especial interese suscitou a plataforma **IDendeaf**, utilizada para a produción e a formación audiovisual. O seu principal aproveitamento é achegarlle o audiovisual a persoas xordas e fomentar entre o colectivo unha identidade propia, a **Identidade Xorda**.

O director xeral, Ovidio Rodeiro, achegouse ás xornadas e sulíñou o papel da Iniciativa Xove como "escola de cidadanía activa" coa xuventude como protagonista.



Xaque mate no cuadrilátero

● O *chess boxing* é un deporte aínda descoñecido en Galicia que suma adeptos por todo o mundo

Xadrez e boxeo, á vez. Deporte mental e físico na mesma competición. Pode parecer unha combinación extravagante, pero seguramente eso é o que está convertendo ao *chess boxing* nun deporte/tendencia con cada vez máis adeptos en todo o mundo.

Non está moi clara a súa orixe. A primeira referencia é unha banda deseñada do debuxante de banda deseñada **Enki Bilal**, quen imaxinou un combinado así nun dos seus traballos de comezos dos noventa. Pero non foi ata fai agora dez anos cando se empezou a xogar dun xeito máis ou menos formal. O primeiro campionato mundial data precisamente do ano 2003.



Desde entón foise estendendo e ten unha aceptación considerable en países como Alemaña, Rusia, Estados Unidos, Canadá, Rusia ou Xapón. A España aínda comeza a chegar a r

As que si están meridianamente claras son as normas. Xógase no clásico cuadrilátero de boxeo, pero coa

mesa e o taboleiro de xadrez sempre disposta. O primeiro é unha partida de xadrez de catro minutos, que dá paso a un asalto de tres minutos. Así ata un máximo de once secuencias, cun minuto de descanso entre cada unha delas. Gaña quen primeiro



se impoña na ring ou quen logre o xaque mate no taboleiro. Se son precisos os doce asaltos e partidas, os xuíces deciden quen gaña. E se non o teñen claro, finalmente a victoria será para

te, pero destacan tamén que engancha moito. O que máis motiva é que require unha adaptación mental moi forte para pasar, practicamente sen solución de continuidade, dos



guantes aos trebellos, de preparar e esquivar os golpes apurando os reflexos a situar a mente nos 64 escaces e buscar o movemento máis oportuno.

quen comézase a xogar con pezas negras no xadrez, por partir en desvantaxe.

Quen xogan din que esta modalidade híbrida é un deporte moi esixen-

O certo é que sen un pouco de autocontrol o deportista pode acabar fóra de si, alporizado. Mais non é un cambio tan abrupto como pode parecer de antemán, porque o boxeo tamén require moito cerebro para preparar e executar as estratexias de defensa e de ataque, e o xadrez tamén implica un notorio esforzo físico.

A gran figura internacional do *chess boxing* é o holandés **Iepe Rubingh**, considerado tamén o fundador do deporte. En España, o leonés **Jonathan Rodríguez** é o pioneiro desta práctica.





“Somos un exemplo real de que as enerxías renovables son viables”



● Entrevista con Analía Moares, responsable de As Corcerizas, premio HI



- O albergue das Corcerizas acaba de facerse co premio **Hostelling International** para proxectos dirixidos a mellorar o patrimonio natural mediante a redución das emisións de carbono. Analía Moares, responsable do centro, explica que supón recibir este galardón.

- É un recoñecemento ao labor que leva desenvolvido desde hai máis de dez anos pola asociación **'Amigos da Terra'**. A aposta de ser capaces de conseguir a sustentabilidade enerxética inicialmente parecía utópica. O que se comprobou ao longo do tempo é que é viable e factible.

- **Aínda que non era unha competición en sentido deportivo, os rivais eran duros?**

- Todas as propostas que chegaron eran froito dunha preselección nos distintos países. Todas optaban á redución de emisións de CO2.



A bioconstrución é un dos piares das Corcerizas

Como a votación era a través do correo electrónico, viamos un limitante en países con moitísima poboación como China, Estados Unidos, Brasil... En cambio, viuse a forza da rede que ten 'Amigos da Terra' a nivel internacional. Nós formamos parte dunha federación con sedes en toda Europa, América Latina,

África... Moitas destas asociacións xa viñeran facer encontros internacionais e seminarios ás Corcerizas. Coñecían de primeira man o proxecto e foi o momento de darlle un bo respaldo.

- **O premio son arredor de 30.000 euros. Que medidas se van aplicar? É suficiente para seguir des-**

envolvendo o proxecto?

- É un apoio. O proxecto necesita moito máis que 30.000 euros. Necesita a enerxía da xente, o recoñecemento da educación ambiental como un valor por parte da administración. A nivel económico tamén hai necesidade dun respaldo, sobre todo para cuestións de mantemento e un equipo persoal profesional.

O premio vai resolver algunhas eivas que temos actualmente. En primeiro lugar, instalaremos un pequeno aeroroxador, unha turbina eólica. Complementar á o aporte de enerxía, sobre todo no inverno porque temos menos horas de sol e ter máis necesidade de calefacción. O muíño vai estar asociado a un sistema de monitorización para o control remoto. Deste xeito, imos ter coñecemento de distintos parámetros como a velocidade do vento, a intensidade... Imos poder ser máis eficientes na súa

produción e servirá como un recurso divulgativo. Imos poder ver a través dunha web todos estes parámetros. Vaise demostrar a viabilidade da minieólica en Galicia.

Un segundo punto será a construción dun muro radiante con barro cru. É como construír un radiador xigante. Polo interior leva un sistema de tubos por onde circula a auga quente. Toda a parede quéntase porque o barro ten alta inercia térmica e vai proxectando o calor pouco a pouco. É moito máis eficiente que un sistema de quecemento con aire. Nun dos cursos de barro, refixemos unha parede radiante que xa existía e en vista do ben que resultou, decidimos facer este muro no comedor, onde temos un sistema menos eficiente. A auga quéntase con placas solares e co apoio dunha caldeira de biomasa.

- **E o terceiro punto do proxecto é un programa de educación ambiental**



para escolares, non si?

- Si. Intentamos dar unha visión global do que supón o cambio climático e de cómo están repercutindo as nosas accións. E é moi importante amosar as alternativas viables e factibles que poden ver de xeito práctico nas instalacións. O obxectivo é capacitar as persoas para que non se vexan como xeradores do problema, senón sentirse capaces de resolvelo.

- Con esas solucións, podemos chegar a desenchufar as nosas casas?

- Nós sempre dicimos que non se trata de trasladar As Corcerizas a cada fogar. As Corcerizas é moi singular e está feito desde a súa creación cuns criterios moi claros. O importante é quedarse cos criterios. Nós non queremos dicir o que está ben e o que está mal, ou como planificar unha cousa. Nós explicamos aspectos como que ter orientada a casa é un aforro de enerxía, tratar a madeira con aceites en vez de con vernices plásticos é unha mellora, ou que traballar co barro cru pode ser unha alternativa... Trátase de trasladar solucións reais, prácticas, viables... e que cada persoa na medida do posible recolla o que poida aplicar.

Pero trátase sobre todo de

crelo. Moitas veces fartámonos de dicir que as enerxías renovables son posibles, pero a realidade que vemos na nosa contorna vai á contra. Faltan exemplos reais que lle fagan ver á xente que as alternativas son posibles. E esta é unha das funcións que ten As Corcerizas.

- Nese sentido, a xuventude é o sector da po-boación que mellor asume a necesidade de potenciar as enerxías renovables, ou prefire a comodidade e o derroche das enerxías máis habituais que implica o consumismo?

- Non sei se podería facer unha valoración dese calibre, pero creo que hai un pouco de todo. A xente maior viviu outros tempos que non vivimos nós, e ás veces parece que non pero ao falar con eles fante conscientes do despilfarro nas máis variadas cuestións. A xente que pasa polo albergue, polas características do propio proxecto, adoita ser bastante sensibilizada. Hai quen ao mellor xa vén preguntando en concreto por unha técnica de bioconstrución, ou que quere ver como funcionan as caldeiras porque está pensando en poñer unha caldeira de biomasa e non o ten moi claro. E outra xente vén sen ter idea de

nada e queda sorprendidísima ao ver que as renovables funcionan. É como unha dúbida no noso interior porque temos tan poucos exemplos palpables que manteñen a dúbida permanente de que eso sexa posible. Entón creo que hai un pouco de todo. Existe unha polaridade entre quen cada vez lle importa menos todo e moita outra xente que está empezando a valorar outra forma de vida.

Nos últimos anos vemos sobre todo moito interese no tema da bioconstrución. Hai xente nova que ao mellor está querendo saír do entorno das cidades e busca alternativas economicamente viables con materiais máis baratos, con solucións que lle vaian supoñer o menor consumo de enerxía, que sempre son gastos... Eso é o que máis tirón lle vexo, a bioconstrución.

- Cal dos polos se está impoñendo na xuventude?

- Tería que ter un coñecemento moito máis amplo do pensar xeral. Nós recibimos moita máis xente sensibilizada e o reto está nesa outra xente que chega porque vén só ao albergue, a un curso ou a unha xornada de voluntariado. A miúdo aí atópanse con esto que non coñecían

e xurde o interese. Eu quero pensar que a crise social e económica de valores na que estamos inmersos está xerando un cambio e está propoñendo sobre todo unha reflexión. O máis importante é

Central ourensán, que é un lugar de interese comunitario pouco coñecido e que intentamos sempre poñer en valor. Facemos actividades etnográficas, cursos de setas, xornadas de voluntariado



A actividade no centro, incluído na REAJ, é constante

reflexionar é ser conscientes. Logo cada un buscará a súa alternativa na súa medida, pero que sexa unha decisión.

- Que posibilidades de uso ten As Corcerizas?

- Neste momento estamos nun proceso de cambio, pero o albergue está aberto todo o ano. É cuestión de chamar ou escribir un **correo electrónico** para confirmar que hai prazas disponibles. Mesmo se pode pasar unha tempada. Ofrecemos a miúdo actividades complementarias como unha ruta polo **Macizo**

para a mellora ambiental... E despois hai actividades formativas ás que a xente se pode sumar libremente, facemos intercambios xuvenís internacionais, campos de traballo coa dirección xeral de Xuventude que desenvolvemos sobre todo nestes últimos anos... A oferta é moi ampla, por eso é mellor informarse na nosa web. A través dela a xente pode sumarse a unha lista específica de difusión, para estar ao día de todas as actividades que facemos ao longo do ano.

NON O PERDAS

SHARIF. VIGO.
22-23 NOVEMBRO. IGUANA.



SAM AMIDON. OURENSE.
8 DE NOVEMBRO. TORGAL.

NON O PERDAS

FERROL

7 de novembro
Pony Bravo
Manchita Cosa

CALDAS DE REIS

1 de novembro
Prima Nocte
Cervexería Rocinante

CHANTADA

2 de novembro
Lendakaris Muertos, Bon-go Botrako, Dakidarría, Che Sudaka, Nao
Mercado gandeiro

VIGO

3 de novembro
Ainara LeGardon
A Casa de Arriba

6 de novembro
Valient Thorr
A Iguana

7 de novembro
The Posies
Estación Marítima

Superdiablo Machine
e **Pendejo**
A Iguana

8 de novembro
Chotokoeu, Fanfarria Taqui-

cardia

A Fábrica de Chocolate

Belöp

A Iguana

9 de novembro
Wrath Sins, Stubborn
e **Evullution**
A Iguana

Sam Amidon
Auditorio Concello

14 de novembro
Blowfuse, Mr Miyagi e Viven
A Iguana

Los Coronas
Sala Master

16 de novembro
Novedades Carminha
A Iguana

Estrambote, Rolando Bruno
e **Orquesta MIDI**
A Fábrica de Chocolate

21 de novembro
Mambo Jambo
A Iguana

22 e 23 de novembro
Sharif
A Iguana

23 de novembro
Anna Ternheim, Torres e
Lady Lamb the Beekeeper
Centro Cultural NCG

CASTRO CALDELAS

10 de novembro
Chotokoeu
Magosto de Pontelouco

SANTIAGO DE COMPOSTELA

6 de novembro
Pedrito Diablo y los Cadáveras. Miss Lacé and his Spicy Friends
Sala Capitol

7 de novembro
Rosendo
Sala Capitol

8 de novembro
Soziedad Alkoholika
Sala Capitol

9 de novembro
Yay e Calixta
Cachán Clube

Freedonia
e **The Sweet Vandals**
Sala Capitol

10 de novembro
Youth Lagoon
Festival Sinsal Outono

Sala Capitol

12 de novembro
Gregory Porter
Cidade da Cultura

13 de novembro
Chotokoeu
Pub Borriquita de Belem

14 de novembro
Coque Malla
Sala Capitol

15 de novembro
Iván Ferreiro
e **Nicolás Pastoriza**
Sala Capitol

Estrambote, Rolando Bruno
e **Orquesta MIDI**
Cachán Club

16 de novembro
Pink Tones
Sala Capitol

20 de novembro
Mambo Jambo
Sala Capitol

22 de novembro
Tigres Leones
Cachán Club

Sharif

Fundación Autor
The Gift
Sala Capitol

23 de novembro
Svper, Extraperlo, Paus e
The Free Fall Band
Sala Capitol

24 de novembro
Antonia Font, Za!, Furguson,
L'Hereu Escampa
Sala Capitol

O GROVE
15 de novembro
I am dive
Pub Twist and Shout

PONTEVEDRA
6 de novembro
Chotokoeu
Bar Lusco

7 de novembro
Chotokoeu
e **Swingdigentes**
Sala Karma

8 de novembro
Pony Bravo
Sala Karma

16 de novembro
Iván Ferreiro
e **Nicolás Pastoriza**

NON O PERDAS

CHUCHO VALDÉS. A CORUÑA.
13 NOVEMBRO. T. ROSALÍA.



PRISCILLA BAND. LUGO.
16 NOVEMBRO. CLAVICÉMBALO.

NON O PERDAS

Pazo da Cultura
16 de novembro
I am dive
Pequeno Karma

FISTERRA
14 de novembro
Chotokoeu
Bar Boulevard

RIBEIRA
2 de novembro
Prima Nocte
Noite Lounge

OURENSE
8 de novembro
Sam Amidon
Café Pop Torgal

9 de novembro
Aphonníc
e **Acid Proyect**
Café Cultural Auriense

12 de novembro
Chotokoeu
Bar Faíscas

15 de novembro
PL Girls
Sala Berlín

Willard Grant Conspiracy
e **BestLife**
Café Pop Torgal

21 de novembro
Anna Ternheim, Torres
e **Lady Lamb the Beekeeper**
Teatro Principal

30 de novembro
Remate
Café Pop Torgal

A CORUÑA
2 de novembro
Acid Mothers Temple
Le Club

The Jokers
Mardigras

3 de novembro
Chotokoeu
O Polvorín

4 de novembro
Medeski Martin and Wood
Teatro Rosalía

4 de novembro
Chotokoeu
Colexio Mosteirón

5 de novembro
Chotokoeu
A Casa Tomada

6 de novembro
Conservatorio Superior de
Música da Coruña Big Band
e Jorge Prado
Teatro Rosalía de Castro

9 de novembro
Pony Bravo
Mardigras

11 de novembro
Gregory Porter
Teatro Rosalía de Castro

13 de novembro
Chucho Valdés and Afro Cu-
ban Messengers
Teatro Rosalía de Castro

14 de novembro
Chila Lynn
Ágora

15 de novembro
Chotokoeu e **Alpargata**
Mardigras

18 de novembro

Marcos Pin
Teatro Rosalía de Castro

20 de novembro
Tigran Hamasyan
Teatro Rosalía de Castro

22 de novembro
Rozalen
Agora

22 de novembro
Mambo Jambo
Mardigras

25 de novembro
Verónica Ferreiro
Teatro Rosalía de Castro

27 de novembro
Martin Taylor
Teatro Rosalía de Castro

MANZANEDA
11 de novembro
Chotokoeu
Centro Social A Rebusca

LUGO
2 de novembro
Ben Salter
Clavicémbalo

16 de novembro
Priscilla Band
Sala Clavicémbalo

CARBALLO
2 de novembro
Haust
Sala A Reserva

8 de novembro
Disco Las Palmeras
Pub Dublín

15 de novembro
Su Ta Gar
Sala A Reserva

CANGAS DO MORRAZO
3 de novembro
The Jokers
Sala Son

16 de novembro
Death
by **Unga Bunga**
Sala Son

SARRIA
9 de novembro
Chotokoeu
Festival
San Martiño Canibal